



POLITICA DE CALIDADE

AGADEA, fundada no ano 1994 por familiares de persoas afectadas por enfermidades neurodexenerativas, é unha asociación sen ánimo de lucro, adicada a mellorar a vida das persoas afectadas por unha demencia e a dos seus familiares mediante unha atención integral e personalizada. Con este fin, AGADEA definiu para o seu Centro de Alzheimer de Santiago, unha estratexia de xestión dentro do marco do Sistema de Calidade ISO 9001, buscando con iso satisfacer as expectativas dos familiares e cubrir as necesidades das persoas usuarias.

AGADEA fixa os seguintes **obxectivos** permanentes para cumprir dentro da súa asociación:

- Facilitar, mellorar e controlar a asistencia das persoas usuarias para mellorar a súa calidade de vida e fomentar a súa autonomía e as súas capacidades residuais para lograr o enlenteceamento da enfermidade.
- Apoiar ás familias cuidadoras, facilitando a aceptación e o afrontamento da enfermidade e canalizando os recursos necesarios en cada fase da enfermidade.
- Prestar asistencia psicolóxica e moral aos familiares das persoas usuarias.
- Sensibilizar á sociedade mellorando o coñecemento da enfermidade e a rede de apoio socio-comunitario.
- Fomentar a implicación das familias e a sociedade en xeral. Así como, impulsar a cooperación con outras asociacións nun clima de intercambio de experiencias.
- Implicar, motivar e formar ao persoal en accións de calidade, segundo a esixencia das persoas usuarias.

AGADEA.

R/ Salgueiriños de Abaixo, no 15, As Cancelas, Santiago de Compostela,

Tlfo. 981595738 Móbil 647 589 725

agadea@agadea.org www.agadea.org



POLITICA DE CALIDADE

- Dotar aos servizos dos profesionais e medios materiais para a consecución dos obxectivos establecidos en materia de calidade.
- Revisar e avaliar constantemente o Sistema de Xestión de Calidade co fin de manter e mellorar continuamente a eficacia do mesmo, tendo en conta o cumprimento dos requisitos legais aplicables e outros que a organización subscriba .

Dende AGADEA, inténtase alcanzar unha política de calidade eficaz e eficiente. Para iso continuará realizando un seguimento continuo do traballo realizado, aplicando novos métodos de traballo enfocados a que a calidade dos servizos ofrecidos se vexa refrendada pola certificación ISO 9001, e sobre todo pola satisfacción das persoas usuarias e os seus familiares.

Do mesmo xeito, AGADEA divulgará a política de calidade para que sexa coñecida por todo o equipo que forma a Entidade cuxa finalidade é a do correcto cumprimento e posta en marcha destas directrices.

En Santiago de Compostela, a 22 de xullo do 2015

Fdo: M^a Isabel Gey Pérez

Presidenta AGADEA

AGADEA.

R/ Salgueiriños de Abaixo, no 15, As Cancelas, Santiago de Compostela,
 Tfno. 981595738 Móbil 647 589 725
agadea@agadea.org www.agadea.org